

**SESIÓN ORDINARIA DA  
XUNTA DE GOBIERNO  
LOCAL DE DATA TRINTA  
DE XUÑO DE DOUS MIL  
DEZASETE**

---

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **trinta de xuño de dous mil dezasete**. Baixo a Presidencia do **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia das e dos **tenentes de alcalde dona María García Gómez e don Alberto Lema Suárez**, así como das señoras e señores concelleiros **dona María Rocío Fraga Sáenz, dona María Eugenia Vieito Blanco, dona Claudia Delso Carreira e don Daniel Díaz Grandío**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten así mesmo don Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno, desempeñando a función do Órgano de Apoyo á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director da Área de Alcaldía e dona Marta García

**SESIÓN ORDINARIA DE LA  
JUNTA DE GOBIERNO  
LOCAL DE FECHA TREINTA  
DE JUNIO DE DOS MIL  
DIECISIETE**

---

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a treinta de junio de dos mil diecisiete. Bajo la Presidencia del excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde y con la asistencia de las y los tenientes de alcalde doña María García Gómez y don Alberto Lema Suárez, así como de las señoras y señores concejales doña María Rocío Fraga Sáenz, doña María Eugenia Vieito Blanco, doña Claudia Delso Carreira y don Daniel Díaz Grandío, se reunió, previa convocatoria regulamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Asisten asimismo don Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno, desempeñando la función del Órgano de Apoyo a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director del Área de Alcaldía y*

Pérez, directora da Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

**Da fe do acto a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco.**

Asisten tamén o concelleiro e a concelleira da oposición don Roberto Luis Coira Andrade (PP) e dona Avia Veira González (BNG) a cal se incorpora xa iniciada a sesión, na deliberación do asunto 2.3.

Xustifican a súa ausencia **os tenentes de alcalde don Xiao Varela Gómez e dona Silvia Cameán Calvete e o señor concelleiro don José Manuel Sande García.**

Ás once horas e trinta minutos, a Presidencia declara iniciada a sesión, e pasa a tratar os seguintes asuntos incluidos na orde do día.

### **343.-Aprobación de acta**

Remitida a todos e cada un dos membros corporativos unha copia dos borradores das **actas das sesións do dezaseis de xuño de dous mil dezasete (ordinaria) e do vinte e tres de xuño de dous mil dezasete**

*doña Marta García Pérez, directora de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

*Da fe del acto la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, Doña María Eugenia Vieito Blanco.*

*Asiste también el concejal y la concejala de la oposición don Roberto Luis Coira Andrade (PP) y doña Avia Veira González (BNG), la cual se incorpora ya iniciada la sesión, en la deliberación del asunto 2.3.*

*Justifican su ausencia los tenientes de alcalde don Alberto Lema Suárez y doña Silvia Cameán Calvete y el señor concejal don José Manuel Sande García.*

*Siendo las once horas y treinta minutos , la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

### **343.-Aprobación de acta**

*Remitida a todos y cada uno de los miembros corporativos una copia de los borradores de las actas de las sesiones de dieciséis de junio de dos mil diecisiete (ordinaria) y de veintitrés de junio de dos mil diecisiete*

**(extraordinaria)**, estas danse por lidas e procédese á súa aprobación.

*(extraordinaria), las mismas se dan por leídas y se procede a su aprobación.*

#### **CORRESPONDENCIA E ASUNTOS DE TRÁMITE**

Neste punto non se efectúa ningunha comunicación ou informe.

#### **ÁREA DE ALCALDIA**

**344.-Modificación das delegacións de atribucións a tenentes de alcalde e concollerías con consolidación de acordos anteriores.**

Previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

**I. DELEGACIÓN COMÚNS A TODAS AS ÁREAS DE GOBIERNO** da estrutura municipal executiva establecida polos Decretos do 15 de xuño e do

#### **CORRESPONDENCIA Y ASUNTOS DE TRÁMITE**

*En este punto no se efectúa ninguna comunicación o informe.*

#### **ÁREA DE ALCALDIA**

**344.-Modificación de las delegaciones de atribuciones a tenientes de alcalde y concejalías con consolidación de acuerdos anteriores.**

Previa deliberación, de conformidad con el informe-propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

**I. DELEGACIONES COMUNES A TODAS LAS ÁREAS DE GOBIERNO** de la estructura municipal ejecutiva establecida por los Decretos de 15 de junio y

7 de outubro de 2015, do 15 de xuño e do 26 de decembro de 2016, do 17 de abril de 2017 e 28 de xuño de 2017.

1. Delegar nas/os tenentes de alcalde, concelleiras e concelleiros que teñen atribuídas por Decreto da Alcaldía a dirección, xestión, inspección e impulso dos servizos dependentes das áreas que dirixen, as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local relativas aos mesmos:

a) O outorgamento de calquera tipo de licenza ou autorización, actos de comprobación ou inspección de comunicacións previas e declaracións responsables cuxa tramitación corresponda aos servizos administrativos que dirixen, salvo as atribucións que expresamente se deleguen nas direccións de área. A presente delegación inclúe todos os actos administrativos de trámite e resolución dos expedientes administrativos relativos ás mesmas, como aceptación de renuncias, tramitación de expedientes de caducidade, declaración de desistencias, devolución de avais, aceptación de cesións obligatorias, etc.., mesmo os que se refiran á inspección e control das mesmas.

*de 7 de outubro de 2015, de 15 de junio y de 26 de diciembre de 2016 y de 17 de abril de 2017 y 28 de junio de 2017.*

*1. Delegar en las/los tenientes de alcalde, concejales y concejales que tienen atribuidas por Decreto de la Alcaldía a dirección, gestión, inspección e impulso de los servicios dependientes de las áreas que dirigen, las siguientes atribuciones de la Xunta de Gobierno Local relativas a los mismos:*

*a) El otorgamiento de cualquier tipo de licencia o autorización, actos de comprobación o inspección de comunicaciones previas y declaraciones responsables cuya tramitación corresponda a los servicios administrativos que dirigen, salvo las atribuciones que expresamente se deleguen en las direcciones de área. La presente delegación incluye todos los actos administrativos de trámite y resolución de los expedientes administrativos relativos a las mismas, como aceptación de renuncias, tramitación de expedientes de caducidad, declaración de desistimientos, devolución de avales, aceptación de cesiones obligatorias, etc.., mismo los que se refieran a la inspección y control de las mismas.*

Non obstante, resérvase a Xunta de Goberno Local as atribucións para o outorgamento de licenzas urbanísticas nas que sexa preceptiva e obligatoria a presentación de proxecto técnico cando o orzamento de execución material sexa igual ou superior a un millón douscientos mil euros (1.200.000,00 €), así como a resolución dos expedientes de caducidade das mesmas.

*No obstante, se reserva la Xunta de Gobierno Local las atribuciones para el otorgamiento de licencias urbanísticas en las que sea preceptiva y obligatoria la presentación de proyecto técnico cuando el presupuesto de ejecución material sea igual o superior a un millón doscientos mil euros (1.200.000,00 €), así como la resolución de los expedientes de caducidad de las mismas.*

b) A aprobación dos proxectos técnicos de obras e servizos cuxo orzamento de execución por contrata non supere a cantidade de trescentos mil euros (300.000,00 €), IVE excluído, sen que leve autorización do gasto.

*b) La aprobación de los proyectos técnicos de obras y servicios cuyo presupuesto de ejecución por contrata no supere la cantidad de trescientos mil euros (300.000,00 €?), IVA excluido, sin que lleve autorización del gasto.*

c) As contratacóns cuxa contía non excede de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído. Esta atribución levará aparellada todos aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de contratación, salvo a formalización, como (a presente relación non ten carácter limitativo): aprobar o expediente de contratación, clasificar as ofertas de acordo coa proposta da mesa de contratación cando participe, adxudicar os contratos, autorizar e dispor os gastos

*c) Las contrataciones cuya cuantía no excede de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVA excluido. Esta atribución llevará aparejada todos aquellos actos y trámites que la normativa de contratos del sector público atribuye al órgano de contratación, salvo la formalización, como (la presente relación no tiene carácter limitativo): aprobar el expediente de contratación, clasificar las ofertas de acuerdo con la propuesta de la mesa de contratación cuando participe,*

correspondentes, reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais, actas de recepción, devolucóns de fianzas cando os informes sexan favorables, resolución de recursos que non dean lugar a indemnización, interpretación dos contratos, rectificación de errores e mesmo resolución dos contratos salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

*adjudicar los contratos, autorizar y disponer los gastos correspondientes, readjustar las anualidades en el caso de los contratos plurianuales, actas de recepción, devoluciones de fianzas cuando los informes sean favorables, resolución de recursos que no den lugar a indemnización, interpretación de los contratos, rectificación de errores y mismo resolución de los contratos salvo que puedan dar lugar a una indemnización.*

d) A administración ordinaria dos bens patrimoniais municipais afectos aos servizos que dirixen. Queda expresamente excluído da delegación calquera acto que implique adquisición, alleamento ou gravame de ditos bens patrimoniais, así como a constitución de dereitos de uso, aínda en precario, sobre os mesmos bens. Poderán, non entanto, adquirir bens móveis inventariables cuxa contía non exceda de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído, e alugar bens inmóveis necesarios para o desenvolvemento dos servizos ao seu cargo sen que podan conllevar gastos que excedan dos sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído, sempre que exista crédito específico no orzamento.

*d) La administración común de los bienes patrimoniales municipales afectos a los servicios que dirigen. Queda expresamente excluido de la delegación cualquier acto que implique adquisición, enajenación o gravamen de dichos bienes patrimoniales, así como la constitución de derechos de uso, aun en precario, sobre los mismos bienes. Podrán, no en tanto, adquirir bienes muebles inventariables cuya cuantía no exceda de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVA excluido, y alquilar bienes inmuebles necesarios para el desarrollo de los servicios a su cargo sin que podan conllevar gastos que excedan de los sesenta mil euros (60.000,00 €), IVA excluido, siempre que exista crédito específico en el presupuesto.*

- e) A xestión (incluída a liquidación do canon) e inspección das concesións de dominio público adscritas, sen que os actos de xestión podan conllevar gastos que excedan dos sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído. A Xunta de Goberno Local resérvase a atribución para o outorgamento, modificación e extinción de todas as concesións de dominio público correspondéndolle a tramitación ao Servizo de Contratación, salvo as concesións de dominio público necesarias para colocación de rampas de accesibilidade ou ascensores que se concederán simultaneamente ás licenzas urbanísticas.
- f) En materia sancionadora, deléganse todas as atribucións, incluídas na lexislación xeral ou sectorial e nas Ordenanzas municipais, que sexan consecuencia de infraccións cualificadas como leves ou graves, salvo as atribucións que expresamente se deleguen nas direccións de área.
- g) A administración dos créditos para gastos susceptibles de ser librados baixo a forma de “pagos a xustificar” ou “anticipos de caixa fixa”, así como a autorización e ordenación do
- e) La gestión (incluida la liquidación del canon) e inspección de las concesiones de dominio público adscritas, sin que los actos de gestión podan conllevar gastos que excedan de los sesenta mil euros (60.000,00 €), IVA excluido. La Junta de Gobierno Local se reserva la atribución para lo otorgamiento, modificación y extinción de todas las concesiones de dominio público correspondiéndole la tramitación al Servicio de Contratación, salvo las concesiones de dominio público necesarias para colocación de cuestas de accesibilidad o ascensores que se concederán simultáneamente a las licencias urbanísticas.*
- f) En materia sancionadora, se delegan todas las atribuciones, incluidas en la legislación general o sectorial y en las Ordenanzas municipales, que sean consecuencia de infracciones cualificadas como leves o graves, salvo las atribuciones que expresamente se deleguen en las direcciones de área.*
- g) La administración de los créditos para gastos susceptibles de ser librados bajo la forma de “pagos a justificar” o “anticipos de caja fija”, así como la autorización y ordenación del*

gasto correspondente de conformidade co disposto ao efecto nas Bases de Execución do Orzamento. Esta facultade leva incluída a de aprobar as contas xustificativas, sen prexuízo das delegacións conferidas ás direccións de área.

*gasto correspondiente de conformidad con el dispuesto al efecto en las Bases de Ejecución del Presupuesto. Esta facultad lleva incluida la de aprobar las cuentas justificativas, sin perjuicio de las delegaciones conferidas a las direcciones de área.*

h) O desenvolvemento de todos os actos de xestión económica ata un importe de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a partidas cuxa xestión lles corresponda. Esta atribución inclúe a aprobación das contas xustificativas de gastos e das contas xustificativas de subvencións concedidas pola Área, a devolución de fianzas constituídas dos pagos anticipados das subvencións concedidas, así como a aceptación de subvencións/convenios cuxa solicitude fora autorizada pola Alcaldía sen limitación de contía, sen prexuízo da formalización que se reserva a Alcaldía.

*h) El desarrollo de todos los actos de gestión económica hasta un importe de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVA excluido, así como la autorización y disposición del gasto correspondiente, siempre que se realicen con cargo a partidas cuya gestión les corresponda. Esta atribución incluye la aprobación de las cuentas justificativas de gastos y de las cuentas justificativas de subvenciones concedidas por el Área, la devolución de fianzas constituidas de los pagados anticipados de las subvenciones concedidas, así como la aceptación de subvenciones/convenios cuya solicitud había sido autorizada por la Alcaldía sin limitación de cuantía, sin perjuicio de la formalización que se reserva la Alcaldía.*

i) A xestión dos ingresos tributarios e non tributarios cuxa liquidación estea encomendada aos servizos que dirixen.

*i) La gestión de los ingresos tributarios y no tributarios cuya liquidación esté encomendada a los servicios que dirigen.*

Permanecerá na Xunta de Goberno Local a posibilidade de reducir ou non esixir o prezo público valorando o interese da actividade a desenvolver para a cidade, cando esta posibilidade estea prevista na correspondente ordenanza reguladora do prezo público.

j) Resolver recursos administrativos delegables interpuestos contra as resolucións ditadas por delegación da Xunta de Goberno Local.

## II. DELEGACIÓNES ESPECÍFICAS NAS ÁREAS DE GOBERNO.

1. A delegación no sr. tenente de Alcalde da Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda comprende tamén as seguintes facultades:

a) As competencias en materia de inventario e rexistro de bens inmobles, exercicio das prerrogativas sobre os mesmos, afectacións e desafectacións e restantes actos de administración que non impliquen a adquisición, alleamento ou gravame destes.

b) As atribucións sobre os arrendamentos de vivendas, locais e garaxes de carácter patrimonial, a celebración dos contratos e as

Permanecerá en la Junta de Gobierno Local a posibilidad de reducir o no exigir el precio público valorando el interés de la actividad a desarrollar para la ciudad, cuando esta posibilidad esté prevista en la correspondiente ordenanza reguladora del precio público.

j) Resolver recursos administrativos delegables interpuestos contra las resoluciones dictadas por delegación de la Xunta de Gobierno Local.

## II. DELEGACIONES ESPECÍFICAS EN LAS ÁREAS DE GOBIERNO.

1. La delegación en el sr. teniente de Alcalde del área de Regeneración Urbana y Derecho a la Vivienda comprende también las siguientes facultades:

a) Las competencias en materia de inventario y registro de bienes inmuebles, ejercicio de las prerrogativas sobre los mismos, afectaciones y desafectaciones y restantes actos de administración que no impliquen la adquisición, enajenación o gravamen de estos.

b) Las atribuciones sobre los arrendamientos de viviendas, locales y garajes de carácter patrimonial, la celebración de los

cuestiós relativas ao seu cumprimento e extinción, liquidación da renda e outros gastos.

2. A delegación no concelleiro de Mobilidade Sostible comprende tamén as seguintes facultades:

a) Concesións de dominio público necesarias para colocación de ramplas de accesibilidade ou ascensores que se concederán simultaneamente ás licenzas urbanísticas.

3. Delegar na sra. concelleira da Área de Facenda e Administración Pública:

a) O desenvolvemento da administración de tributos e demais recursos non atribuídos expresamente a outros órganos, así como as funcións de coordinación interdepartamental da súa xestión, sen prexuízo da superior dirección e coordinación que corresponde á Alcaldía.

b) En materia sancionadora, deléganse tamén as atribucións que sexan consecuencia de infraccións cualificadas como moi graves en materia de infraccións tributarias.

c) A xestión de persoal, o réxime

*contratos y las cuestiones relativas a su cumplimiento y extinción, liquidación de la renta y otros gastos.*

*2. La delegación en el concejal de Movilidad Sostenible comprende también las siguientes facultades:*

*a) Concesiones de dominio público necesarias para colocación de cuestas de accesibilidad o ascensores que se concederán simultáneamente a las licencias urbanísticas.*

*3. Delegar en la sra. concejal del área de Hacienda y Administración Pública:*

*a) El desarrollo de la administración de tributos y demás recursos no atribuidos expresamente a otros órganos, así como las funciones de coordinación interdepartamental de su gestión, sin perjuicio de la superior dirección y coordinación que corresponde a la Alcaldía.*

*b) En materia sancionadora, se delegan también las atribuciones que sean consecuencia de infracciones cualificadas como muy graves en materia de infracciones tributarias.*

*c) La gestión de personal, el*

disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano, salvo as materias non delegables recollidas na normativa vixente.

*régimen disciplinario y las demás decisiones en materia de personal que no estén expresamente atribuidas a otro órgano, salvo las materias no delegables recogidas en la normativa vigente.*

d) A xestión de tesouraría e a da débeda, así como a autorización e disposición de gastos de persoal, débeda pública e demais que non estean asignados a unha área concreta, sen limitación de contía, e os de natureza non orzamentaria.

*d) La gestión de tesorería y la de la deuda, así como la autorización y disposición de gastos de personal, deuda pública y demás que no estén asignados a un área concreto, sin limitación de cuantía, y los de naturaleza no presupuestaria.*

4. Delegar no sr. tenente de Alcalde da Área de Emprego e Economía Social:

a) Os contratos administrativos e privados cuxa contía non exceda de trescentos mil euros (300.000,00 €), IVE excluído, e cuxa duración non sexa superior a catro anos, sen prejuízo das delegacións conferidas aos tenentes de alcalde e aos concelleiros e ás direccións de área. Exercerá tamén como órgano de contratación nos expedientes tramitados pola Área de Alcaldía ata o mesmo importe e duración.

Esta facultade levará aparellada todos aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de

*4. Delegar en el sr. teniente de Alcalde del área de Empleo y Economía Social:*

*a) Los contratos administrativos y privados cuya cuantía no exceda de trescientos mil euros (300.000,00 €), IVA excluido, y cuya duración no sea superior a cuatro años, sin perjuicio de las delegaciones conferidas a los tenientes de alcalde y a los concejales y a las direcciones de área. Ejercerá también como órgano de contratación en los expedientes tramitados por el Área de Alcaldía hasta el mismo importe y duración.*

*Esta facultad llevará aparejada todos aquellos actos y trámites que la normativa de contratos del sector público atribuye al órgano*

contratación, incluída a formalización, como (a presente relación non ten carácter limitativo): aprobar o expediente de contratación, clasificar as ofertas de acordo coa proposta da mesa de contratación cando participe, adxudicar os contratos, autorizar e dispor os gastos correspondentes, reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais, actas de recepción, devolucións de fianzas cando os informes sexan favorables, resolución de recursos que non dean lugar a indemnización, interpretación dos contratos, rectificación de errores e mesmo resolución dos contratos salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

Tamén exercerá as seguintes atribucións referidas a contratación cando a contía ou a duración dos contratos sexan superiores ás citadas no apartado anterior e polo tanto o órgano de contratación sexa a Xunta de Goberno Local:

1.<sup>a</sup>. Actas de recepción e devolucións de fianzas, sempre que os informes sexan favorables.

2.<sup>a</sup>. Clasificar as propostas dos licitadores e requirir á licitadora que presentara a oferta mais vantaxosa, para que acredeite o

*de contratación, incluida la formalización, como (la presente relación no tiene carácter limitativo): aprobar el expediente de contratación, clasificar las ofertas de acuerdo con la propuesta de la mesa de contratación cuando participe, adjudicar los contratos, autorizar y disponer los gastos correspondientes, reajustar las anualidades en el caso de los contratos plurianuales, actas de recepción, devoluciones de fianzas cuando los informes sean favorables, resolución de recursos que no den lugar a indemnización, interpretación de los contratos, rectificación de errores y mismo resolución de los contratos salvo que puedan dar lugar a una indemnización.*

*También ejercerá las siguientes atribuciones referidas la contratación cuando la cuantía o la duración de los contratos sean superiores a las citadas en el apartado anterior y por lo tanto el órgano de contratación sea la Xunta de Gobierno Local:*

*1.<sup>a</sup>. Actas de recepción y devoluciones de fianzas, siempre que los informes sean favorables.*

*2.<sup>a</sup>. Clasificar las propuestas de los licitadores y requerir a la licitadora que había presentado la oferta más ventajosa, para que*

cumprimento dos requisitos que a lei e o prego de cláusulas administrativas esixa, sempre que se realicen de acordo coa proposta da Mesa de Contratación.

3.<sup>a</sup>. Resolución dos recursos en materia de contratación, salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

4.<sup>a</sup>. A resolución de controversias xurdidas con ocasión da execución dos contratos administrativos, salvo aquelas que poidan dar lugar a unha indemnización a cargo do Concello.

5<sup>a</sup>. Reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais.

6<sup>a</sup>. A rectificación de errores materiais, de feito e aritméticos producidos nos expedientes de contratación.

b) As adquisicións ou alleamentos a título oneroso de bens patrimoniais móveis e inmóveis do concello que non teñan a condición de bens histórico-artísticos e cuxo valor de taxación ou de remate non exceda de trescentos mil euros (300.000,00 €) IVE excluído.

c) O arrendamento de inmóveis de

*acredite el cumplimiento de los requisitos que la ley y el pliego de cláusulas administrativas exija, siempre que se realicen de acuerdo con la propuesta de la Mesa de Contratación.*

*3.<sup>a</sup>. Resolución de los recursos en materia de contratación, salvo que puedan dar lugar a una indemnización.*

*4.<sup>a</sup>. La resolución de controversias surgidas con ocasión de la ejecución de los contratos administrativos, salvo aquellas que puedan dar lugar a una indemnización a cargo del Ayuntamiento.*

*5<sup>a</sup>. Reajustar las anualidades en el caso de los contratos plurianuales.*

*6<sup>a</sup>. La rectificación de errores materiales, de hecho y aritméticos producidos en los expedientes de contratación.*

*b) Las adquisiciones o enajenaciones a título oneroso de bienes patrimoniales muebles e inmuebles del ayuntamiento que no tengan la condición de bienes histórico-artísticos y cuyo valor de tasación o de final no exceda de trescientos mil euros (300.000,00 €) IVA excluido.*

*c) El arrendamiento de inmuebles*

carácter patrimonial ata trescentos mil euros (300.000,00 €), IVE excluído, e cuxa duración non sexa superior a catro anos, sen prexuízo das atribucións conferidas ao tenente de alcalde de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible para vivendas, locais e garaxes de carácter patrimonial.

*de carácter patrimonial hasta trescientos mil euros (300.000,00 €), IVA excluido, y cuya duración no sea superior a cuatro años, sin perjuicio de las atribuciones conferidas al teniente de alcalde de Regeneración Urbana, Derecho a la Vivienda y Movilidad Sostenible para viviendas, locales y garajes de carácter patrimonial.*

5. Delegar no sr. concelleiro de Cultura, Deporte e Coñecemento:

*5. Delegar en el sr. concejal de Cultura, Deporte y Conocimiento:*

a) A declaración como efectos non utilizables e conseguinte aprobación dos expedientes de expurgo de libros da rede de bibliotecas municipais para a súa destrucción ou donativo a entidades sen fins de lucro ou usuarios da biblioteca, motivado pola súa deterioración ou desfase en relación ao progreso científico e/ou técnico aos cambios socio-políticos e culturais da sociedade.

*a) La declaración como efectos no utilizables y la consiguiente aprobación de los expedientes de expurgo de libros de la red de bibliotecas municipales para su destrucción o donativo a entidades sin fines de lucro o usuarios de la biblioteca, motivado por su deterioro o desfase en relación al progreso científico y/o técnico a los cambios socio-políticos y culturales de la sociedad.*

6. Delegar na sra. concelleira de Participación e Innovación Democrática:

*6. Delegar en la sra. concejala de Participación e Innovación Democrática:*

a) As competencias en materia de patrimonio relativas ao inventario de bens móveis e o exercicio das facultades de titularidade dominical e restantes actuacións sobre o patrimonio municipal que

*a) Las competencias en materia de patrimonio relativas al inventario de bienes muebles y el ejercicio de las facultades de titularidad dominical y restantes actuaciones sobre el patrimonio*

sendo competencia da Xunta de Goberno Local non estean expresamente encomendadas a outro órgano.

*municipal que siendo competencia de la Xunta de Gobierno Local no estén expresamente encomendadas a otro órgano.*

b) As aceptacións das doazóns e cesións de bens a título gratuito e que non conteñan condicións limitativas das facultades dominicais ou que impliquen unha carga significativa que non se desprenda da lei, da propia natureza do negocio, do obxecto da doazón ou dos requisitos para a súa perfección ou formalización, salvo as cesións urbanísticas obligatorias que se aceptarán no mesmo acto de outorgamento da licenza urbanística (I.1 a) do presente acordo).

*b) Las aceptaciones de las donaciones y cesiones de bienes a título gratuito y que no contengan condiciones limitativas de las facultades dominicales o que impliquen una carga significativa que no se desprenda de la ley, de la propia naturaleza del negocio, del objeto de la donación o de los requisitos para su perfección o formalización, salvo las cesiones urbanísticas obligatorias que se aceptarán en el mismo acto de otorgamiento de la licencia urbanística (I.1 la) del presente acuerdo).*

#### 7. Delegar na sra. concelleira de Medio Ambiente:

a) A potestade sancionadora en materia de contaminación acústica, regulada na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, e no capítulo IV do Título IV do documento refundido da Ordenanza contra a contaminación acústica da Coruña, por comportamentos no medio ambiente exterior derivados das relacíons de vecindade e constitutivos de infracción, cando non sexan orixinadas en establecementos

#### 7. Delegar en la sra. concejala de Medio Ambiente:

*a) La potestad sancionadora en materia de contaminación acústica, regulada en la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del Ruido, y en el capítulo IV del Título IV del documento refundido de la Ordenanza contra la contaminación acústica de A Coruña, por comportamientos en medio ambiente exterior derivados de las relaciones de vecindad y constitutivos de infracción, cuando no sean originadas en*

destinados a actividades económicas, empresariais, industriais e comerciais ou outras actividades sometidas a comunicación previa ou licenza, agás as resolucións que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como moi graves.

*establecimientos destinados la actividades económicas, empresariales, industriales y comerciales u otras actividades sometidas la comunicación previa o licencia, excepto las resoluciones que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como muy graves.*

**III. COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.** A Mesa de Contratación á que se refire o artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, terá a seguinte composición:

Presidenta: Concelleira delegada responsable da Área de Facenda e Administración, dona María Eugenia Vieito Blanco.

Suplente: Concelleiro delegado de Emprego e Economía social, don Alberto Lema Suárez

Vogais:

Interventor xeral. Suplente: funcionario en quen delegue.

Titular do órgano de Asesoría do Concello. Suplente: letrado en quen delegue.

Titular da Xefatura de Servizo de Interior. Suplente: funcionario técnico da Área, en quen delegue a xefatura.

Titular da Xefatura de Servizo de Contratación. Suplente: funcionario técnico da Área, en quen delegue a xefatura.

**III. COMPOSICIÓN DE LA MESA DE CONTRATACIÓN.** La Mesa de Contratación a la que se refiere el artículo 21.2 del Real decreto 817/ 2009, de 8 de mayo, tendrá la siguiente composición:

Presidenta: Concejal delegada responsable del área de Hacienda y Administración, doña María Eugenia Vieito Blanco.

Suplente: Concejal delegado de Empleo y Economía social, don Alberto Lema Suárez

Vocales:

Interventor general. Suplente: funcionario en quien delegue.

Titular del órgano de Asesoría del Ayuntamiento. Suplente: letrado en quien delegue.

Titular de la Jefatura de Servicio de Interior. Suplente: funcionario técnico del área, en quien delegue la jefatura.

Titular de la Jefatura de Servicio de Contratación. Suplente: funcionario técnico del área, en quien delegue la jefatura.

- Secretaria: Titular da xefatura do Departamento de Contratación de Obras e Servizos.
- Suplente: funcionario técnico da Área, en quen delegue a xefatura.

Poderán asistir con voz, pero sen voto:

- Un concelleiro, titular e suplente do grupo municipal do PP.
- Un concelleiro, titular e suplente do grupo municipal do PSde G - PSOE.
- Un concelleiro, titular e suplente do grupo municipal Mixto (BNG - AA).

#### IV. DELEGACIÓNNS COMÚNS A TODAS AS DIRECCIÓNNS DE ÁREA da estrutura municipal executiva:

- a) A contratación de obras, servizos e suministracións que sexan estritamente necesarias para o funcionamento dos departamentos ao seu cargo cuxa contía non exceda de doce mil euros (12000,00 €), IVE excluído en gastos de investimento e de trinta mil euros (30000,00 €), IVE excluído, en gastos correntes.

Esta facultade levará aparellada todos aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de

- Secretaria: Titular de la jefatura del Departamento de Contratación de Obras y Servicios.
- Suplente: funcionario técnico del área, en quien delegue la jefatura.

Podrán asistir con voz, pero sin voto:

- Un concejal, titular y suplente del grupo municipal del PP.
- Un concejal, titular y suplente del grupo municipal del PSde G - PSOE.
- Un concejal, titular y suplente del grupo municipal Mixto (BNG - AA).

#### IV. DELEGACIONES COMUNES A TODAS Las DIRECCIONES DE ÁREA de la estructura municipal ejecutiva:

- a) La contratación de obras, servicios y suministros que sean estrictamente necesarias para el funcionamiento de los departamentos a su cargo cuya cuantía no exceda de doce mil euros (12000,00 €), IVA excluido en gastos de inversión y de treinta mil euros (30000,00 €), IVA excluido, en gastos corrientes.

Esta facultad llevará aparejada todos aquellos actos y trámites que la normativa de contratos del sector público atribuye al órgano

contratación como (a presente relación non ten carácter limitativo): aprobar o expediente de contratación, clasificar as ofertas de acordo coa proposta da mesa de contratación cando participe, adxudicar os contratos, autorizar e dispor os gastos correspondentes, reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais, actas de recepción, devolucóns de fianzas cando os informes sexan favorables, resolución de recursos que non dean lugar a indemnización, interpretación dos contratos, rectificación de errores e mesmo resolución dos contratos salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

b) Autorizar os permisos de resolución non centralizada, correspondentes ao persoal dos servizos que deles dependen.

## V. DELEGACIÓNES ESPECÍFICAS NAS DIRECCIÓN DE ÁREA.

1. Delegar na Dirección de Área de Rexeneración Urbana e Dereito a Vivenda:

a) A tramitación e resolución dos procedementos das seguintes licenzas:

*de contratación como (la presente relación no tiene carácter limitativo): aprobar el expediente de contratación, clasificar las ofertas de acuerdo con la propuesta de la mesa de contratación cuando participe, adjudicar los contratos, autorizar y disponer los gastos correspondientes, reajustar las anualidades en el caso de los contratos plurianuales, actas de recepción, devoluciones de fianzas cuando los informes sean favorables, resolución de recursos que no den lugar a indemnización, interpretación de los contratos, rectificación de errores y mismo resolución de los contratos salvo que puedan dar lugar a una indemnización.*

*b) Autorizar los permisos de resolución no centralizada, correspondientes al personal de los servicios que de ellos dependen.*

## V. DELEGACIONES ESPECÍFICAS EN LAS DIRECCIONES DE ÁREA.

*1. Delegar en la Dirección de Área de Regeneración Urbana y Derecho la Vivienda:*

*a) La tramitación y resolución de los procedimientos de las siguientes licencias:*

- a. Licenzas urbanísticas para as obras e os usos que se realicen con carácter provisional.  
*a. Licencias urbanísticas para las obras y los usos que se realicen con carácter provisional.*
- b. Licenzas urbanísticas para movementos de terras, tales como desmontes, explanacíons, escavacíons ou terrapléns. As obras de instalacións e servizos, e as relacionadas coa urbanización, cando estas non estean incluídas nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado, ou de edificación que dispoña de licenza outorgada.  
*b. Licencias urbanísticas para movimientos de tierras, tales como desmonte, explanaciones, excavaciones o terraplenes. Las obras de instalaciones y servicios, y las relacionadas con la urbanización, cuando estas no estén incluidas en un proyecto de urbanización definitivamente aprobado, o de edificación que disponga de licencia otorgada.*
- c. Licenzas para o control do exercicio de actividades económicas, profesionais, industriais ou comerciais, agás aquelas que deban tramitarse xunto aos procedementos para concesión de licenza de obras, cando a súa resolución lle corresponda a outro órgano.  
*c. Licencias para el control del ejercicio de actividades económicas, profesionales, industriales o comerciales, excepto aquellas que deban tramitarse junto a los procedimientos para concesión de licencia de obras, cuando su resolución le corresponda la otro órgano.*
- d. Licenzas para instalación e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.  
*d. Licencias para instalación y construcciones de carácter temporal destinadas a espectáculos y actividades recreativas.*
- e. Licenzas de obras e instalacións de carácter menor.  
*e. Licencias de obras e instalaciones de carácter menor.*
- f. Licenzas de primeira utilización ou ocupación dos  
*f. Licencias de primera utilización u ocupación de los*

edificios e funcionamento de instalacións en xeral.

g. Licenzas de colocación de carteis e paneis de publicidade visibles desde a vía pública, que non estean en locais pechados.

h. Licenzas de cerramento e valado de terreos.

i. A autorización dos proxectos técnicos de execución que desenvolvan o proxecto técnico básico que obtivera licenza de obras ou instalación.

A presente delegación inclúe todos os actos administrativos de trámite e resolución dos expedientes administrativos relativos ás mesmas, incluídos os actos de comprobación ou inspección de comunicacións previas e declaracóns responsables, así como a aceptación de renuncias, tramitación de expedientes de caducidade, declaración de desistencias, devolución de avais, aceptación de cesións obligatorias, etc.., incluso os que se refiran á inspección e control das mesmas.

b) A potestade sancionadora que corresponde á Xunta de Goberno Local para o control do exercicio de actividades económicas,

*edificios y funcionamiento de instalaciones en general.*

*g. Licencias de colocación de carteles y paneles de publicidad visibles desde la vía pública, que no estén en locales cerrados.*

*h. Licencias de cerramiento y vallado de terrenos.*

*i. La autorización de los proyectos técnicos de ejecución que desarrollen el proyecto técnico básico que había obtenido licencia de obras o instalación.*

*La presente delegación incluye todos los actos administrativos de trámite y resolución de los expedientes administrativos relativos a las mismas, incluidos los actos de comprobación o inspección de comunicaciones previas y declaraciones responsables, así como la aceptación de renuncias, tramitación de expedientes de caducidad, declaración de desistimientos, devolución de avales, aceptación de cesiones obligatorias, etc.., incluso los que se refieran a la inspección y control de las mismas.*

*b) La potestad sancionadora que corresponde a la Junta de Gobierno Local para el control del ejercicio de actividades*

profesionais, industriais ou comerciais ou dos establecementos afectos as mesmas, regulada nos artigos 28 e 57 da Lei 9/2013, de 19 do decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia, agás as resolucións que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como moi graves.

c) A relativa á prevención, vixilancia e redución, incluída a potestade sancionadora en materia de contaminación acústica por emisións orixinadas en establecementos destinados a actividades económicas, empresariais, industriais e comerciais, regulada na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia e no capítulo IV do Título IV do documento refundido da Ordenanza contra a contaminación acústica da Coruña, agás as resolucións que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como moi graves ou correspondan á Área de Medio Ambiente.

2. Delegar na Dirección de Área de e Espazo Público e Mobilidade:

económicas, profesionales, industrielas o comerciales o de los establecimientos afectos las mismas, regulada en los artículos 28 y 57 de la Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y competitividad económico de Galicia, excepto las resoluciones que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como muy graves.

